



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA DA ALCALDÍA: APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA BOLSA DE EMPREGO.

A taxa de desemprego actual no Concello da Pobra do Caramiñal fai necesario poñer todos os medios posibles para permitir a inserción laboral de todas as persoas sen traballo. Esta proposta pretende crear unha bolsa de emprego que sexa de utilidade a todas as persoas demandantes de emprego e unha ferramenta para a administración municipal, á hora de coñecer cal é a formación e preparación das persoas inscritas na Bolsa de Emprego e deste xeito poder realizar unha intermediación entre elas e as empresas ofertantes de postos de traballo, así como para poder realizar calquera outra actividade de formación ou orientación laboral que propicie o autoemprego, a creación de empresas ou cooperativas de traballadores/as.

Visto o anterior propono ó Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

A aprobación inicial da Ordenanza Reguladora do Servizo de Intermediación Laboral denominado "Bolsa de Emprego", cuxo texto se xunta como Anexo á presente proposta.

A Pobra do Caramiñal, á data da sinatura dixital,

O Al calde,